

NORMATIVA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLOS DE CARÁCTER CIENTÍFICO, TÉCNICO, HUMANÍSTICO E ARTÍSTICO E CALQUERA OUTRA ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA REALIZADA AO ABEIRO DO ARTIGO 60 DA LOSU E DA LEI DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

PREÁMBULO

A presente normativa ten por obxecto substituír ó “Regulamento de cursos de especialización e convenios” aprobado polo Claustro o 17/12/1996, que recollía a regulación dos traballos científicos e o desenvolvemento de cursos de especialización a realizar polos profesores universitarios no marco do art.11 da L.O.11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria.

Diversas circunstancias, entre as que merecen ser destacadas a entrada en vigor da L.O. 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificada pola L.O. 4/2007, de 12 de abril, e posteriormente a entrada en vigor da L.O. 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario. fixeron un novo enfoque deste tipo de traballos nos seus artigos 83 e 60 respectivamente.

Así neste último, no seu parágrafo 2 se establece que os órganos de goberno das universidades regularán os procedementos de autorización dos traballos e de celebración dos instrumentos xurídicos necesarios para a súa realización, así como os criterios para fixar o destino dos bens e recursos que con eles se obteñan.

Pola súa banda en virtude do establecido no artigo 3 da Lei a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada pola Lei 17/2022, de 5 de setembro a Universidade de Vigo se integra no Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

No seu art. 36 recolle a aplicación do dereito privado para os contratos de prestación de servizos de investigación, desenvolvemento e asistencia técnica con entidades públicas e privadas, para a realización de traballos de carácter científico e técnico ou para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

O artigo 36 quinquies declara a transferencia de coñecemento como unha función do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación que pode despregarse a través de múltiples canles. Así mesmo, proclama que a transferencia non deberá entenderse como un proceso lineal dende a ciencia cara a empresa e a sociedade, senón como un proceso bidireccional e colaborativo onde as empresas tamén xogan un papel fundamental na produción de coñecemento e na definición de traxectorias tecnolóxicas prioritarias.

En último termo, proclámase o dereito do persoal investigador ao recoñecemento da súa participación en actividades de transferencia como concepto avaliable aos efectos retributivos e de promoción, de xeito que os méritos se consideren nos procesos de selección e promoción e de asignación de recursos.

Tamén no ámbito da nosa comunidade autónoma as leis do Sistema Universitario e da Investigación de Galicia conteñen disposicións sobre a necesidade de potenciar a transferencia

do coñecemento para a satisfacción das necesidades reais da sociedade e da economía e sobre o papel protagonista da universidade no sistema galego de innovación.

A nivel europeo, a Carta Europea da Persoa Investigadora e o Código de Conduta para a contratación de persoal investigador, aos que está adherida a Universidade de Vigo, establecen tamén, dentro dos seus principios, a importancia da explotación de resultados de investigación e das políticas e prácticas que regulen a participación e dereitos do persoal investigador nas actividades de transferencia de coñecemento.

Por outra banda o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, motivan a necesidade da súa revisión, facendo unha distribución de competencias e tratando de precisar a redacción de determinados aspectos que faciliten a súa interpretación.

Por último as Normativas de propiedade intelectual e industrial da Universidade de Vigo e de creación de empresas (Aprobadas en Consello de Goberno do 19-06-2012) conteñen preceptos relativos á contratación coas empresas spin-off que xurdan da investigación, así como disposicións relativas á titularidade e destino dos bens que se obteñan como resultado dos traballos desenvolvidos no marco dos contratos de I+D (art.60).

Todo elo xustifica a elaboración da presente normativa.

TITULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.- Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular os procedementos de autorización e xestión dos traballos realizados polos Grupos de investigación, Departamentos, Institutos e Centros Universitarios de Investigación e o seu persoal (Persoal Docente e/ou Investigador – PDI) a través dos mesmos, no marco do artigo 60 da LOSU e 36 quinquies da Lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, así como a celebración dos contratos necesarios para a súa realización e o destino dos bens e recursos que con eles se obteñan.

Artigo 2.- Ámbito

1.- A presente normativa é de aplicación ás actividades que leve a cabo o Persoal Docente e/ou Investigador da Universidade de Vigo, segundo as definicións e peculiaridades que se enumeran a continuación:

a) Contratos. Estarán baixo este epígrafe as actividades que se realicen en virtude de acordos que celebren con persoas físicas ou xurídicas, nos que se estableza a realización por parte do persoal da Universidade de Vigo de traballos de carácter científico, técnico humanístico ou artístico.

b) Informes. Para os efectos da presente normativa, denomínanse informes aos traballos realizados polo persoal da Universidade de Vigo para persoas físicas ou xurídicas que supoñan a prestación de servizos, tales como, entre outros, a elaboración de informes técnicos, asesoramento científico-tecnolóxico, análises, realización de ensaios de homologación, control de calidade, peritaxes.

c) Cursos. Estarán baixo este epígrafe os cursos solicitados por empresas e organismos para os seus traballadores vencellados a contratos do art. 60 e que serán impartidos polo persoal da Universidade de Vigo.

Aos efectos de certificación de méritos, acreditacións, e semellantes, todas as modalidades contempladas neste artigo 2 considéranse “actividades contratadas”.

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente normativa as seguintes actividades:

a) Os contratos editoriais que realice o profesorado para a publicación dos seus libros, traballos ou traducións científicas ou técnicas ou para a preparación de orixinais destinados a publicación. Como excepción estarán incluídos os contratos nos que a Universidade de Vigo recibe un financiamento específico para a realización deste tipo de actividades que consistan en encargos editoriais cunha específica singularidade, tales como edicións escollidas, recompilacións, etc.

b) Os premios obtidos polo Persoal Docente e/ou Investigador, a título individual ou colectivo.

c) As actividades profesionais alleas á Universidade do profesorado acollidos ao réxime de dedicación a tempo parcial desenvolvidas fóra da Universidade de Vigo, sempre que non incorran en incompatibilidade.

d) A participación en conferencias, xornadas ou seminarios dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente en materia de incompatibilidades.

e) Os programas de formación ou especialización que formen parte da oferta docente xa sexa como Título oficial ou como Título propio da Universidade de Vigo.

f) A presentación a concursos públicos de ideas ou anteproxectos de obras, incluíndo o propio proxecto. No caso de que o proxecto se adxudique, débese realizar o correspondente contrato segundo o previsto na presente normativa.

g) Os proxectos de investigación financiados con fondos públicos dentro das convocatorias anuais do Plan Estatal, Plan Galego de I+D+i, Programas Europeos, ou calquera outro de natureza semellante.

TITULO II. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 3. Persoa Investigadora responsable

1. A persoa investigadora responsable deberá ser membro do Persoal Docente e/ou Investigador da Universidade de Vigo, en situación de servizo activo, e actuará como persoa investigadora principal (IP). Serán requisitos necesarios no caso do Profesorado contratado e do Persoal Investigador contratado ou adscrito (a través do Programa Oportunius ou semellantes), que sexan doutores/as e teñan formalizada a súa vinculación contractual, ou adscrición, coa Universidade no momento de subscribir o contrato, a cal deberá ter unha duración prevista igual ou superior á de execución do contrato, e que non teña a súa dedicación comprometida totalmente de acordo á súa modalidade de contrato.

2. A persoa investigadora responsable exercerá a dirección dos traballos do contrato, distribuirá as tarefas a realizar polos membros do equipo e representará ao mesmo.

3. No caso de que existan dúas persoas investigadoras principais, a primeira IP que apareza recollida no documento onde se plasme a actividade, será a interlocutora coa UVIGO para cantas xestións de calquera índole sexan necesarias.

4. No caso concreto de substitución da persoa IP pola razón que sexa (traslado a outra institución, incapacidade transitoria ou permanente, xubilación, falecemento, etc.), a Universidade de Vigo resérvase o dereito a nomear unha nova persoa IP con solvencia na materia de que se trate, que deberá ser ratificada polo equipo investigador e aceptada pola outra parte contratante.

Artigo 4. Equipo de traballo

Na execución das actividades de I+D+i poderán participar, a proposta da persoa investigadora responsable, ademais do Persoal Docente e /ou Investigador da Universidade de Vigo o seguinte persoal:

- Persoal Docente e/ou Investigador doutras universidades, persoas investigadoras de organismos públicos de investigación e, en xeral, o persoal ao servizo de calquera administración pública previa autorización expresa da entidade correspondente, e unha vez definido claramente o alcance dos dereitos e das obrigas deste persoal
- Persoal Docente e/ou Investigador en formación (FPI, FPU, etc.), sempre que a convocatoria da súa axuda o permita e/ou o autorice a entidade financiadora (Ministerio, Xunta de Galicia,...).
- Persoal contratado con cargo aos propios contratos ou actividades de transferencia asinados en base ao presente regulamento, de acord á súa modalidade contractual e condición específicas.
- Outro persoal, sempre e cando sexa posible de acordo á súa modalidade contractual ou vinculo coa entidade e condicións específicas.

Artigo 5. Obrigas e responsabilidades do Persoal Docente e/ou Investigador

1.- A participación do Persoal Docente e/ou Investigador da Universidade de Vigo nos traballos recollidos neste Regulamento farase sen prexuízo do cumprimento das súas obrigas docentes e investigadoras recollidas nos seus contratos ou instrumentos de vinculación equivalentes.

2.- A autorización que conceda a Universidade de Vigo para desenvolver as actividades no marco do presente regulamento non poderá ser considerada como dispensa dos requisitos recollidos na Lei 53/84 de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3.- Os contratos obrigarán só á persoa investigadora principal e aos membros do equipo investigador.

4.- A Universidade de Vigo poderá reclamarlles á persoa IP e aos membros do equipo de traballo, mediante algún dos diversos procedementos establecidos ao respecto na lexislación vixente, as cantidades que sexan consecuencia do incumprimento, pola súa parte, das obrigas derivadas destas actividades.

5.- Cando exista risco de deterioro ou perda de equipos ou aparellos de valor, será precisa a contratación dunha ampliación da póliza de responsabilidade civil. A persoa investigadora

responsable da actividade terá que avaliar os riscos inherentes ao desenvolvemento dos traballos e comprobar a adecuada cobertura pola póliza da Universidade ou solicitar unha ampliación cuxo custo se incluíra no contrato.

6.- No caso de cancelación da actividade por acordo das partes, o documento a asinar conterá a obriga da entidade asinante a aboar a débeda pendente que cubra todos os custos asumidos ata o momento da cancelación, así como a súa parte proporcional de custos indirectos e os impostos correspondentes no seu caso.

Artigo 6. Adscrición dos bens

A Universidade de Vigo será a titular dos bens e recursos obtidos a través das actividades ás que se refire esta Normativa, agás que no contrato se estableza unha titularidade específica dos bens materiais (por exemplo, prototipos) para as partes contratantes.

Artigo 7. Titularidade dos resultados

Conforme co artigo 21 da Lei 24/2015, de 24 de xullo, de Patentes e de acordo coa Normativa de propiedade Industrial e Intelectual da Universidade de Vigo, a titularidade e capacidade de explotación comercial dos resultados dos traballos realizados no marco da presente Normativa corresponderalle á Universidade de Vigo, salvo que no contrato se pacte expresamente outra titularidade. A Universidade tamén será a encargada do rexistro das patentes e modelos de utilidade que poidan xurdir, así como do rexistro da propiedade intelectual relativa aos programas de ordenador no caso de que lle corresponda a súa titularidade.

Artigo 8. Duración dos contratos

A Universidade de Vigo non contraerá obrigas contractuais por tempo superior a 3 anos, incluídas as posibles prórrogas que de común acordo establezan as partes, salvo naqueles casos onde os contratos vaian vencellados a algunha convocatoria de axuda competitiva que teña unha duración maior, e sen prexuízo da posibilidade de que poidan formalizarse contratos posteriores con características substancialmente semellantes, salvo situacións excepcionais que sexan consideradas a xuízo da Comisión de Transferencia, definida no artigo 19, e que sexan susceptibles da causa de denegación definida no artigo 14 c desta normativa

Artigo 9. Contratación de persoal

Por norma xeral, as actividades de transferencia incluídas no ámbito desta normativa, deben levarse a cabo polo propio persoal da Universidade de Vigo, quen aporta o nivel científico, técnico, humanístico ou artístico esixible a este tipo de actividade.

Sen prexuízo do anterior, e sempre tendo en conta a causa de denegación definida no artigo 14 f, a Universidade poderá contratar persoal para a realización de tarefas de apoio nas actividades obxecto desta Normativa, e con cargo ao financiamento obtido coas mesmas. Estas contratacións realizaranse de conformidade coa lexislación, modelos e tipos de contratos vixentes en cada momento, debendo cumprirse en todo caso os principios establecidos no relativo aos procedementos de selección e de concorrencia aplicable ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e á lexislación laboral, así como á propia normativa interna de contratación da Universidade.

Artigo 10. Confidencialidade

Cantos participen na execución da actividade contratada, ou teñan coñecemento do seu contido por razón do posto ou cargo que ocupen, veranse obrigados a respectar a confidencialidade, na medida que establezan as cláusulas do contrato.

TITULO III DA PREPARACIÓN E XESTIÓN DOS CONTRATOS

Artigo 11. Trámite de solicitude

Correspóndelle á Oficina de I+D recibir as propostas de realización das actividades contratadas de I+D segundo os modelos normalizados. A persoa investigadora responsable é a persoa que terá a obriga de presentar a documentación, podendo solicitar o asesoramento do persoal técnico na elaboración do acordo, en particular, no relativo ao clausulado, orzamentos e demais aspectos que resulten necesarios segundo a actividade proposta e de acordo ao criterio desta Oficina.

Cando a natureza dos asuntos a tratar o faga necesario, deberán aportarse as autorizacións emitidas polo Comité de Ética correspondente, xa sexa de Experimentación Animal, de riscos biolóxicos, ou calquera outro que resulte preceptivo.

Artigo 12. Os asinantes

Os contratos e a acordos referidos ao Artigo 1 da presente Normativa deberán ser asinados polas seguintes figuras:

- a) O reitor/a, ou vicerreitor/a competente por delegación deste, en nome da Universidade de Vigo, segundo o importe definido de acordo ao artigo 19 b.
- b) A persoa que ostente a representación da empresa ou institución asinante coa Universidade, que deberá ter os poderes suficientes para tal acto. Devanditos poderes deberán explicitarse no documento xurídico no que se instrumentalice a relación.

Artigo 13. Aprobación da actividade

A aprobación da realización das actividades de I+D debe obterse con anterioridade á súa sinatura.

Os informes ou sinaturas de autorización serán emitidos pola persoa que ostente a Dirección do Centro de Investigación, Instituto ou grupo de investigación, e só no caso de que a persoa IP non pertenza a un grupo, instituto ou centro, pola persoa que ostente a Dirección do Departamento, no prazo de dez días hábiles, a non ser que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permitan ou esixan outro prazo maior ou menor.

No prazo de dez días hábiles desde a súa recepción na Oficina de I+D e, sempre que o contrato ou convenio estivera debidamente documentado e se tivese empregado o impreso normalizado pola UVIGO para este tipo de contratos, ou un modelo análogo que Oficina de I+D xulgue como válido e conforme, procederase á sinatura da persoa que ostente a vicerreitoría, formalizando así a súa autorización, ou, no seu caso, se efectuarán as obxeccións que procedan. Malia isto, os contratos por importe superior a 400.000 € (IVE incluído) deberán someterse a criterio da Comisión de Transferencia, que propondrá ao Reitor a súa autorización ou denegación de se-lo caso.

No caso de denegación da autorización, a Comisión de Transferencia ou a Comisión que teña delegada as competencias estudará a solicitude e as motivacións, e elevará o pertinente informe ao Consello de Goberno da Universidade, que deberá decidir coa maior axilidade posible.

Se durante a execución dos traballos se producisen modificacións significativas nalgunha das condicións especificadas no articulado do mesmo, procederase á redacción, sinatura e autorización en forma de addendas, onde se recollerán as novas condicións de execución do mesmo por mutuo acordo entre as partes, de conformidade co procedemento anterior. O código de identificación seguirá sendo o mesmo, procedendo só a actualizar as aplicacións.

Artigo 14. Causas de denegación

As autorizacións para a realización de ditos traballos só poderán ser denegadas por causas obxectivas debidamente xustificadas. Serán causas de denegación da autorización:

- a) Que a realización dos traballos ou a participación nos cursos de especialización poida ocasionar un prexuízo certo ao labor docente.
- b) Que o tipo de traballo obxecto do contrato estea atribuído en exclusiva a determinados profesionais en virtude de disposición legal e ningún membro do equipo de traballo posúa o título correspondente.
- c) Que as obrigas contraídas no contrato impliquen, de feito, a constitución dunha relación estable.
- d) Que no curso dos traballos se produzan riscos manifestos para a saúde de persoas ou animais ou para o medio ambiente.
- e) Que exista algunha demanda xudicial, risco de impago ou impagos de facto coa Universidade de Vigo, da entidade contratante.
- f) Se estes carecen do nivel científico, técnico, humanístico ou artístico exixible a toda institución universitaria.

Contra as resolucións denegatorias poderá interpoñerse recurso de reposición ante o reitor. Esgotada a vía administrativa as resolucións serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa

Artigo 15. Documentación requirida para a tramitación

1. A persoa investigadora responsable dos traballos presentará o modelo normalizado de solicitude na Oficina de I+D, xunto coa proposta de contrato.

Todas as propostas de contrato deberán tramitarse exclusivamente a través da vicerreitoría competente en materia de transferencia. A documentación constará de:

- Follas de tramitación interna
- Orzamento detallado do contrato, incluíndo, no seu caso, o importe especificado no artigo 5.5 ou unha declaración responsable de ausencia de risco.
- Proposta de contrato/informe/curso onde se recolla o clausulado xeral do instrumento no que se formalice.

2. Cando os contratos teñan a súa orixe nunha colaboración vencellada a unha convocatoria pública de I+D, será necesario aportar, ademais da indicada, a seguinte documentación:

- a) Copia da convocatoria, publicada no Boletín Oficial que corresponda
- b) Memoria técnica do Proxecto.
- c) Oferta económica, ou orzamento.
- d) Resolución definitiva de concesión
- e) Calquera outra información e/ou documentación requirida para tramitar o contrato.

3. Cando se conorra a licitacións públicas suxeitas ás disposicións establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas modificacións, convocadas por outras Administracións Públicas, ou se subscriban contratos menores con estas, será necesario aportar, ademais da indicada, a seguinte documentación:

- a) Copia da convocatoria, publicada no Boletín Oficial ou plataforma de contratación que corresponda
- b) Prego de Cláusulas Administrativas.
- c) Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- d) Nos contratos menores a documentación sinalada na letra anterior se substituíra pola notificación do encargo do traballo a desenvolver.
- e) Memoria técnica do Proxecto.
- f) Oferta económica
- g) Adxudicación da licitación
- h) Calquera outra información e/ou documentación requirida para tramitar os contrato.

Artigo 16. Acta de finalización

Será obriga da persoa IP o envío dun acta de finalización de actividade, gardando as cláusulas de confidencialidade (NDA) no caso de existir. Os servizos da Universidade con competencias en Investigación e Transferencia gardarán unha copia do devandito informe, así como dos informes parciais que se expliquen no contrato, durante un prazo de 5 anos. Esta obriga entrará en vigor no momento en que as aplicacións de xestión da Universidade de Vigo permitan automatizalo.

Artigo 17. Arquivo

No arquivo da Oficina de I+D da Universidade de Vigo figurará unha copia de tódalas actividades contratadas de I+D ás que atinxa a presente Normativa.

Artigo 18. A Comisión de Transferencia

A Comisión de Transferencia (antes Comisión de Cursos e Convenios) será nomeada polo Reitor/a e terá as seguintes funcións:

- a) Aprobar os modelos oficiais de contrato/informe/curso.
- b) Fixar o importe mínimo dun contrato que implicaría a súa sinatura polo Reitor.

c) A axeitada aplicación da presente Normativa, así como a súa interpretación e a resolución de conflitos que poidan xurdir pola súa execución.

d) Calquera outra que poida ser encomendada polo Claustro ou o Consello de Goberno.

A Comisión de Transferencia estará formada por:

- A persoa que ostente a vicerreitoría con competencias en materia de transferencia, que será quen a presida.
- A persoa que ostente a Dirección Técnica da Oficina de I+D, quen exercerá a Secretaría da Comisión.
- 5 PDI, con representación de todos os ámbitos.
- 1 PAS
- 1 representante da Xerencia
- 1 representante do estudiantado

TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 19. Dos Ingresos e Gastos

De acordo co disposto no artigo 57 da LOSU, tanto os ingresos coma os gastos derivados das actividades reguladas por esta norma se integrarán nos orzamentos da Universidade de Vigo, e serán xestionados conforme a esta Normativa e ás normas que, con carácter xeral, sexan de aplicación.

1. O orzamento da actividade, que integrará a previsión de ingresos, formará parte do contrato, e especificarase na folla de tramitación interna, tanto na súa contía coma na súa distribución. Para a súa determinación partírase dunha análise obxectiva dos custos que supoña a realización da actividade, na que se estimarán a previsión dos custos fixos e variables da mesma e non poderá dar lugar a un orzamento deficitario para a Universidade.

2. En tanto en conta a información da Contabilidade Analítica da Universidade non poda arrojar un dato exacto sobre os custos imputables as actividades reguladas na presente normativa, o orzamento establecerase a partir do cálculo de:

Custos directos

Aqueles destinados a cubrir os gastos directamente relacionados coa a correcta execución do traballo, calculados a partir da previsión de gastos de funcionamento e de persoal, máis en concreto:

- a) Custos do persoal propio
- b) Custos do persoal contratado con cargo á propia actividade.
- c) Adquisición de material inventariable e non inventariable necesario para o desenvolvemento da actividade.
- d) Servizos profesionais referidos a subcontratacións de determinado tipo de actividades ou tarefas relacionadas co traballo a realizar. O importe destes servizos non poderá superar o 50% do importe total da actividade.
- e) Outros gastos asociados á realización do proxecto, que se consideren como custos de execución. Entre outros, viaxes e dietas, funxibles, inscricións a congresos,...
- f) Nos contratos formalizados de acordo co disposto no texto refundido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os gastos asumidos pola Universidade

de Vigo derivados do procedemento de contratación (gastos de publicación de anuncios, constitución de garantías, mantemento de avais, comercialización, elaboración de propostas, entre outros).

A previsión destes custos directos poderá ser obxecto de redistribución, durante a execución da actividade e baixo a solicitude motivada da persoa IP, sempre e cando se respecte a cuantía máxima expresada no punto d) e as condicións, se as houbera, de concesión da mesma.

Custos indirectos

Considéranse custos indirectos os gastos xerais asociados ao uso de infraestruturas de uso xeral, subministros, comunicacións, xestión, servizos de apoio, entre outros. Estes custos figurarán no orzamento sobre a estimación dun 15% do orzamento total do contrato e imputaranse como un gasto fixo definido en función da actividade.

A aplicación orzamentaria dos importes percibidos por este concepto será establecida no orzamento anual da Universidade de Vigo, podendo xerar crédito nas correspondentes partidas de ingreso, de se-lo caso.

Nos contratos formalizados con orixe nunha colaboración vencellada a unha convocatoria pública de I+D, os custos (directos e indirectos) asumidos pola Universidade de Vigo deberán aterse ao sinalado na mesma, e sempre respectarán a proposta de oferta económica presentada e/ou a Resolución Definitiva de concesión da convocatoria.

Excepcionalmente, no caso de que na normativa reguladora (convocatoria, orde de bases,...) do contrato ou convenio se estableza outra porcentaxe, será de aplicación este último.

Artigo 20. Distribución dos ingresos da Universidade

Os ingresos previstos polas actividades reguladas no presente regulamento sufragaran os custos directos e indirectos das mesmas.

As cantidades xeradas en concepto de custos indirectos, destinaranse ao orzamento xeral da Universidade de Vigo. Na planificación orzamentaria anual o fondo de continxencia dotarase alomenos cunha contía igual ao 5% da previsión de ingresos por custes indirectos co fin de facer fronte á imprevistos xerados polo ámbito de I+D+i, ou de se-lo caso, realizar a xeración ou transferencia de crédito que corresponda para a súa dotación.

As porcentaxes mencionadas nos apartados anteriores poderán actualizarse nos orzamentos anuais da universidade.

Con cada factura emitida e cobrada pola Universidade de Vigo o servizo de contabilidade orzamentos e tesourería, liquidará a porcentaxe de custes indirectos correspondentes.

Unha vez deducidos os gastos de execución (incluíndo os custos indirectos), a persoa IP poderá solicitar unha transferencia do resto dos ingresos á Acción Estratéxica de Investigación (AEI) ou instrumento análogo, para o mantemento da actividade investigadora soporte da transferencia, cun tope máximo do 40% do total da actividade contratada. Esta porcentaxe poderá actualizarse nos orzamentos anuais da Universidade, e estará sempre sometido á normativa e dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 21. Retribucións

A Universidade de Vigo poderá autorizar, no marco da normativa legal e regulamentaria, as solicitudes que presente a persoa IP para o abono de retribucións ao persoal que lle corresponda, segundo o orzamento da actividade. Estas realizaranse logo do cobro da última factura, agás excepcións relacionadas co peche do exercicio económico no que se abrirá e comunicará un prazo extraordinario e outras excepcións xustificadas.

A percepción de retribucións complementarias por parte do persoal por mor da súa participación nas actividades ás que se refire o presente regulamento e contempladas no orzamento en concepto de custos de persoal, farase efectiva como remuneración de conformidade co establecido na lexislación vixente.

A remuneración máxima que poderá percibir o profesorado polas actividades reguladas no presente regulamento aterase aos límites establecidos no Real decreto 1930/1984, do 10 de outubro.

As cantidades que, en virtude deste límite, non poidan ser percibidas polo profesorado destinaranse ao mantemento da actividade investigadora soporte da transferencia do Instituto, Centro de Investigación ou Grupo correspondente, deducidos os gastos de execución, mediante a correspondente dotación da Acción Estratégica de Investigación (AEI), ou instrumento análogo, de conformidade co orzamento da Universidade.

TITULO V. DO CONTIDO DOS CONTRATOS

Artigo 22. Contido mínimo dos contratos

1. Procedemento ordinario:

Os contratos para a realización de actividades de I+D+i serán elaborados ou supervisados pola Oficina de I+D ou polo Servizo que corresponda, antes da súa sinatura. No caso de ser necesario deberá contar con informe favorable do Comité de Ética correspondente.

A proposta dun contrato de I+D debe incluír, polo menos, os seguintes puntos:

- a) Nome da persoa ou entidade contratante, coa identificación dos órganos asinantes e a representación que ostentan.
- b) Obxecto do contrato e a súa duración, con especificación das obrigas por cada unha das partes.
- c) Prazo de execución do traballo
- d) Nome da IP responsable da súa execución e persoas vencelladas ás tarefas do contrato.
- e) Unha descrición dos traballos a realizar, indicando a distribución temporal dos mesmos.
- f) Importe acordado, indicando a súa distribución temporal, prazos e forma de pagamento.
- g) Titularidade dos resultados que se deriven dos traballos, así como calquera cláusula de confidencialidade ou restrición que se determine para a publicación de resultados.
- h) Cláusulas, de selo caso, de responsabilidade
- i) Sistema de resolución de conflitos e xurisdición competente.

Cando sexa preciso para o correcto desenvolvemento da actividade e a súa xestión, os contratos acompañaranse dun anexo cos datos do equipo investigador, orzamento detallado, periodización e fitos ou calquera outra información que sexa necesaria.

2. Procedemento simplificado:

Non será necesaria a sinatura dun contrato no caso dos informes e dos cursos recollidos nos apartados b) e c) do artigo 2.1, agás que a súa contía conxunta ou separadamente supere os 18.000 euros.

No caso do resto das actividades tampouco será imprescindible a sinatura entre ambas partes dun contrato se o importe non supera dita cantidade, a menos que algunha das partes o requira.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, o contrato substituirase por un documento, co mesmo valor do contrato, no que conste a aceptación por parte da empresa ou entidade das condicións técnicas e económicas de realización da actividade, así como a factura correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.

A vicerreitoría con competencias en Transferencia, a través da Oficina de I+D realizará unha Memoria anual que presentará ao Consello de Goberno. Na devandita Memoria exporá a relación de actividades contratadas asinadas e realizadas, así como os ingresos obtidos e o seu destino.

Segunda

Facúltase ao Reitor/a, ou a persoa en quen delegue, e á xerente, no ámbito das súas competencias, para ditar as instrucións precisas para a execución e desenvolvemento da presente Normativa

Terceira

Fomentarase o emprego da sinatura electrónica por parte do Persoal Docente e/ou Investigador para as xestións, fomentándose a transparencia, trazabilidade e axilidade dos procedementos. Aceptarase o emprego doutros tipos de sinaturas naquelas actividades nas que o organismo público ou privado como contraparte asinante non dispoñan deste medio.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento de cursos de especialización e convenios aprobado polo Claustro universitario na sesión celebrada o 17 de decembro de 1996 e modificado pola Xunta de Goberno con data 20 de xullo de 2000, así como cantas disposición se opoñan ao establecido na presente disposición.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Normativa entrará en vigor o día seguinte da publicación da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, e derrogará o anterior de data 17/12/1996.